

Cuestionario textos Kant da “ Fundamentación da metafísica dos costumes ”

- 1) ¿En que consiste o máximo ben para Kant?, ¿que é o bo para o home?, ¿considera Kant que o bo para o home reside en alcanzar a felicidade, como pensaba Aristóteles?
- 2) ¿Que é a boa vontade?, ¿por que é boa? ¿A ética kantiana é unha ética de resultados ou de intencións? Xustifica a resposta.
- 3) ¿En que consiste a valía do acto moral?, ¿cando obramos moralmente?
- 4) ¿Que é un imperativo?, ¿cal é a diferenza entre un imperativo hipotético e un imperativo categórico?, ¿cal deles sería propio dunha ética de resultados?
- 5) Explica a primeira fórmula do imperativo categórico. ¿Cando se converte unha norma en lei universal?
- 6) Explica a segunda fórmula do imperativo categórico. ¿Que significa que o home *existe como fin en si mesmo, non só como medio*?
- 7) Analiza a terceira fórmula do imperativo categórico. ¿Que significa que a vontade é autónoma?, ¿que quere dicir que *todo ser racional* posúe unha *vontade universalmente lexisladora*?